ANUNCIO DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL AO ANUNCIO DA NOTA DA ENTREVISTA DA COMISIÓN 3 DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA 2026".

33 POSTOS DE PEÓN.

Na oficina do Programa Vigo Emprega, nas instalacións do Parque Central de Servizos do Concello de Vigo, sendo as 09:00 horas do día 26/10/26, reuniuse a comisión de selección nº 3 encargada de seleccionar as persoas candidatas aos postos de peóns da convocatoria do ano 2026 do programa "Vigo Emprega".

O obxecto da sesión é proceder á **subsanación de oficio dun erro material** detectado na transcrición da puntuación reflectida na acta orixinal da sesión celebrada os días 21 e 22 de outubro de 2026.

A presente rectificación formalízase ao amparo do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, o cal faculta expresamente aos órganos administrativos para rectificar, en calquera momento, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Constatado o devandito erro de carácter puramente material e de transcrición no documento publicado, e co fin de garantir a transparencia, a seguridade xurídica do proceso e o reflexo fiel das deliberacións e puntuacións reais outorgadas por este órgano de selección, a comisión acorda por unanimidade rectificar o contido da citada acta nos seguintes termos:

- **Ocupación:** PEÓN DE CONSTRUCIÓN.
- **NIF/NIE:** ***9113**.
- **Apelidos, Nome:** PÉREZ GONZÁLEZ, A.
- **Puntuación entrevista publicada:** 3,83.
- **Debe dicir: 2,88.**

O que se fai público para xeral coñecemento e dos efectos oportunos.

Vigo, na data da sinatura dixital.

O presidente: Carlos Juncal Gil.